

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO NO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres profesores/-as**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.

2. Os representantes do profesorado no consello escolar do centro serán elixidos polo claustro de entre os membros do mesmo que sexan proclamados pola xunta electoral. O voto será directo, secreto e non delegable.

3. **O prazo de presentación de candidaturas é dende o día 03 ata o 12 de novembro de 2021, ámbolos dous incluídos. Na secretaría do centro estarán a disposición dos/-as candidatos/-as modelos de solicitude para presentarse á elección.**

4. O director do centro convocará un claustro para dar lectura ás normas do regulamento no relativo ó procedemento de elección dos representantes do profesorado no consello escolar, así como á relación de candidatos/-as proclamados/-as como tales pola xunta electoral. Nesta sesión fixarase a data de celebración do claustro, de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no consello escolar.

5. Na sesión do claustro extraordinario constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, os/as profesores/-as de maior e menor idade, actuando este/-a último de secretario/-a.


6. Cada profesor /-a fará constar na súa papeleta dous nomes da lista de candidatos/-as. Serán elixidos os profesores/-as con maior número de votos. Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores/-as que corresponda,

procederá a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata alcanzar o dito número, sen prexuízo do disposto no artigo 53º do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario (a falta de representantes dalgún dos sectores da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar).

7. A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 20 de novembro, ámbolos dous días incluídos. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

Ourense, 02 de novembro de 2021

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Xosé Rodríguez Iglesias

